

DINÁMICAS DE COHESIÓN A ENGRENAJE



OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- ★ Crear un ambiente de relación distendido para a aprendizaxe.
- ★ Favorecer o traballo en equipo.
- ★ Aumentar a cohesión do grupo.
- ★ Ofrecer a oportunidade de experimentar o efecto da práctica sobre o resultado.
- ★ Favorecer un clima de aceptación e respecto ás diferenzas.

DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ O alumnado forma un círculo central (para iso collen das mans ata formar o círculo que lles permita o espazo e, despois, sóltanas).
- ★ Comeza un participante facendo un movemento con algunha parte do seu corpo (levantar e baixar brazos, mover o tronco, zapatear... o que se lle ocorra). Segue a seguinte persoa co seu propio movemento, axustándoo aos compañeiros que xa están na máquina.
- ★ Así, cada persoa representa unha peza da engrenaxe.
- ★ Unha vez está a máquina completa, deixar que funcione un tempo. O titor/a pode dinamizar aínda máis a dinámica, dicindo que aumente ou diminúa a velocidade, cun sinal para o aceso e para o apagado, poñendo e cambiando música para que varíen o ritmo...
- ★ Ao movemento pode acompañarlle o son que cada alumno/a elixa, para aumentar a sensación de traballo grupal. Esta decisión dependerá da molestia que poida supoñer para clases contiguas.

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

Preguntas para a primeira vez que facemos a dinámica:

- ★ Como vos sentistes?
- ★ Se estivesedes sós no medio da aula facendo o voso movemento, Que sentiríades?
- ★ Que vos parece facer algo como un grupo?
- ★ Tivestes en conta o movemento do compañeiro/a para que a engrenaxe fluíse mellor?

Preguntas para veces sucesivas:

- ★ Pensades que vos quedou mellor ou peor que a primeira vez?
- ★ Que fixestes de novo?
- ★ Tivestes máis en conta o movemento anterior para que a engrenaxe fluíse mellor?
- ★ Que creedes que pasa cando temos en conta á outra persoa na vida real?
- ★ Como vos sentistes?